

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE MAIO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:40 horas do día 15 de maio de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 11 de maio de 2018 (orde do día ampliado o 15 de maio), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a e 11b)  
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 2b, 2c, 3b e 3c)  
D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 7, 8, 9 e 10)  
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 2d e 3d)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
  2. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
  3. NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
  4. OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.
  5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
  6. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
  7. COPCISA, S.A.
  8. MISTURAS, S.A.
  9. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
  10. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  11. CONSERNOR, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

12. EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.
13. SESTRAMA IBÉRICA. S.L.
14. NAROM, S.L.
15. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
16. HIDROMIÑO, S.L.
17. C. D. INDEPO, S.L.
18. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
19. ORESA, S.L.
20. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
21. CONSTRUCCIONES RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, S.L.
22. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)
23. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
24. ELSAMEX, S.A.U.
25. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
26. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
27. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, o PCAP indica como clasificacións alternativas as seguintes: G-6-1 e E-1-1, e o licitador declara posuír unicamente a G-6-2.

En consecuencia, se non dispón das dúas clasificacións alternativas citadas, deberá declarar posuír a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional esixidas no apartado 8.4.4º do PCAP.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e mantemento do observatorio socioeconómico de Vigo (14.689-77)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. AXIOMA ANÁLISIS ESTADÍSTICOS, S.L.
  2. I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II/DEUC:
1. ESTUDIOS MEGA, S.L.
  2. MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.
  3. ACADEMIA POSTAL 3 VIGO, S.L.
  4. CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.

**d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.
  2. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.
  3. OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U.

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización das rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana no entorno da rúa Rosalía de Castro e García Barbón (20-441)**

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a un licitador para emendar a documentación persoal.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e mantemento do observatorio socioeconómico de Vigo (14.689-77)**

En acto público ábrese o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

Os dous licitadores presentan un único exemplar en soporte dixital, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación. AXIOMA ANÁLISIS ESTADÍSTICOS, S.L. presenta ademais dous exemplares en papel.

O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Asiste á apertura D<sup>a</sup>. Alba Valdés Rodríguez, con DNI 53.173.217-J, en representación de I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A documentación presentada pola empresa VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. non está asinada polo que non reúne os requisitos de presentación previstos na cláusula 13.3 do PCAP (“Estar asinada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente, deberá achegarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado”).

A empresa OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U. presenta un exemplar en papel e outro en formato dixital. Ao igual que VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., a súa documentación non está asinada polo que tampouco cumpre cos requisitos de presentación.

O presidente e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda conceder un prazo de tres días hábiles a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. e a OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U. para que emenden a documentación presentada no Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, presentado escrito asinado por persoa con poder de representación no que subscriban a proposición presentada:

- No caso VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.: deberá subscribir a proposición presentada na data 8 de maio de 2018 co número de rexistro de entrada 180068895.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



- No caso de OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U.: deberá subscribir a proposición presentada na data 10 de maio de 2018 co número de rexistro de entrada 180070589.

Se as citadas empresas teñen constancia de que o contido do Sobre C tamén se presentou sen asinar, poderán emendar esta circunstancia do mesmo xeito, sen que en ningún caso desvelen o contido da súas ofertas.

A Mesa solicita, así mesmo, informe sobre a documentación técnica ao servizo xestor.

#### 4.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua (5.143-440)

Retírase este asunto da orde do día.

#### 7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 7 de maio de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

- REFORVIGO, S.L.

Durante o prazo concedido, o citado licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 9 de maio de 2018 a enxeñeira industrial da Área de Fomento emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento do licitador que deseguido se indica, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

- REFORVIGO, S.L.

#### 8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) (informe sobre C e proposta clasificación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 10 de maio de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 10 de maio de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a REFORVIGO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 9 de maio de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do cuarto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (8.845-307) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,60
2	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	95,00
3	GROMA OBRAS, S.L.	91,99
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	86,77

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Habilitación profesional?



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.001,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

## 11.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)**

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) na seguinte orde descendente:*

	<b>LICITADOR</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1º	ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	91,06
2º	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	90,03

**Segundo.-** Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán presentar a documentación para acreditar a habilitación profesional esixida (“Se achegará certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e autorización para operar no sector de seguros de responsabilidade civil, agás as excepcións previstas na normativa sectorial vixente”).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Terceiro.-** Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.684,25 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., o día 27 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 9 e 14 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis a través de fórmula de data 19 de abril de 2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 370.000 euros (exento de IVE).*
- b) *Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 9 do PPT de 1.000 euros.*
- c) *Propón o seguinte incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 5.1 do PPT:*

<b>Límite/sublímite</b>	<b>Incremento</b>
Sublímite por vítima para responsabilidade civil patronal	150.000,00 €
Límite xeral por sinistro	5.000.000,00 €
Límite xeral por anualidade	15.000.000,00 €
Sublímite prexuízos patrimoniais puros	950.000,00 €

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440)

**ANTECEDENTES**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento o 23 de abril de 2018.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	ORESA, S.L.	92,59
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	86,83
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	85,93
4	EXCAV. Y CONSTRUCC. MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	84,36
5	NAROM, S.L.	83,93
6	ELSAMEX, S.A.	81,53
7	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,64

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 827,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESA, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de maio, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 24 de abril de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ORESA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización do encontro da rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores (5.107-440) por un prezo total de 454.877,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 78.945,68 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440)**

- **Recurso especial en materia de contratación interposto o 10 de abril de 2018 por D. Manuel Duarte Garrido, en nome e representación de COMPLEMENTOS POLICIALES, S.L., contra os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Dáse conta do citado recurso.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:10	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4A24A-E5A427-C8CCBC-LGR2J8-QC2LJP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		